


# Elas fano en galego



**Paula Carballeira**  
(Maniños, Fene 1972)



**Paula Carballeira é unha todoterreo.** Escribe **poesía, narrativa e teatro** tanto para adultos coma para a rapazada. É unha das máis recoñecidas e queridas **narradoras orais (contacontos)** que temos en Galicia e que triunfa contando tanto aquí coma fóra, pois participou en festivais estatais e internacionais (Portugal, Polonia, Francia, Cabo Verde, Colombia, Ecuador, México...). Pero non só conta senón que é **actriz**. Forma parte da **compañía de teatro Berrobambán**, onde actúa pero tamén dirixe. Como actriz tamén é unha cara coñecida polos seus papeis en **series da TVG**. En definitiva, unha creadora e contadora de historias que por onde pasa deixa pegada.

Conta con moitos premios polo seu traballo, pero o seu éxito máis recente e máis aclamado é o **Premio Nacional de Teatro 2023**. Este premio é concedido polo Ministerio de Cultura de España, cunha dotación de 30.000 € e co recoñecemento público de ser o mellor texto teatral do ano 2023, onde reivindica a escola da II República e a figura da mestra María Barbeito. Outro éxito máis para as letras galegas!

Temos algúns dos seus libros na nosa biblioteca escolar e xa lemos *As alumnas* no Club de lectura o curso pasado. Animádevos a ler as súas obras!!!

Elaborado a partir de <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/paula-carballeira> e <https://www.culturaydeporte.gob.es/actualidad/2023/09/230901-paula-carballeira-premio-nacional.html>



**Contadora de contos. Teatreira**